

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE LA AGENCIA TURISMO DE GALICIA Y LA ASOCIACIÓN EXCELTUR, LA ALIANZA PARA LA EXCELENCIA TURÍSTICA, PARA LA REALIZACIÓN DE UN ESTUDIO DE IMPACTO ECONÓMICO DEL TURISMO EN GALICIA (ESTUDIO IMPACTUR GALICIA 2017).

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa entidade Asociación Exceltur, la alianza para la excelencia turística o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración técnica e económica entre a Axencia Turismo de Galicia e Exceltur para a elaboración dun Estudo de Impacto Económico do Turismo para Galicia (en adiante IMPACTUR Galicia 2017) seguindo a metodoloxía e procesos homologables de Exceltur, que esta Comunidade Autónoma ven realizando nos últimos anos e que tamén se aplicou en outras Comunidades Autónomas como Andalucía, Canarias, Cantabria, Castilla-La Mancha, Comunidad de Madrid, Comunidad Valenciana, Illes Balears, La Rioja e Región de Murcia.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de promoción e ordenación do turismo, e no exercicio das súas funcións a esta entidade lle corresponde





executar, entre outras, as medidas definidas para o impulso á innovación, investigación, formación e cualificación das empresas e profesionais do sector turístico, o incremento das magnitudes cuantitativas e cualitativas turísticas e a colaboración entre todos os axentes turísticos tanto no ámbito da Administración pública como no sector privado.

Segundo.- Exceltur, Alianza para la Excelencia Turística (en adiante Exceltur), segundo dispoñen os seus estatutos, é unha asociación sin ánimo de lucro, formada por relevantes grupos de empresas turísticas e de sectores vinculados que teñen como obxecto analizar, estudar, divulgar e promover as mellores condicións competitivas para o desenvolvemento das actividades turísticas no marco da economía de mercado.

Terceiro.- Os estudos IMPACTUR calculan o impacto económico do turismo cunha perspectiva global dos efectos que o turismo ten sobre o conxunto de variables e decisións dos diversos axentes económicos dunha comunidade autónoma, ademais de favorecer a súa toma de decisións. A partir de estos estudos derívase un sistema de coñecemento turístico no que se inclúe unha valiosa información sobre os niveis de consumo relacionados coa actividade turística, o coñecemento e análise do conxunto de prestadores de servizos que compoñen a cadea de valor do turismo, os vínculos existentes entre as diversas ramas características da actividade turística e o resto de sectores económicos da comunidade, a identificación das oportunidades para mellorar a produtividade do sector e a información sobre o emprego xerado, directo e indirecto.

Cuarto.- Un estudo de estas características constitúe unha ferramenta fundamental para definir as directrices a seguir na planificación, fomento e promoción do turismo en Galicia, obxectivos comúns basados en fins de interese público, polo que a Axencia Turismo de Galicia e Exceltur consideran esencial colaborar na celebración deste proxecto turístico para que o turismo de Galicia siga afianzándose como o principal inductor de progreso económico-social e para os efectos do deseño das accións precisas tendentes á elaboración dunha conta sobre o impacto económico do turismo nesta Comunidade Autónoma.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto





Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

